



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN DE ALBANEL E 1 ALBANEL OFICIAL DE 2ª PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “RAMIFICACIÓN DO SANEAMENTO EN SANTAIA- CODESO”

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten obxecto de cubrir, como persoal laboral temporal dúas prazas: 1 peón de albanel e 1 albanel oficial de 2ª. A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo.

BASE SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de 1 mes dende o inicio da contratación, non prorrogable. A xornada laboral é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

TERCEIRA.- REQUISITOS

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.
- f) Estar desempleado e inscrito na Oficina Pública de Emprego (copia compulsada da tarxeta de desemprego da Oficina Pública de Emprego).

Toda a documentación presentada debe acreditarse con orixinais ou copias compulsadas.

BASE CUARTA.-

- O Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, con data do 4 de maio de 2015 para a presentación das instancias e documentación xustificativa.

- Os candidatos disporán de 5 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na Casa do Concello de Boqueixón, en horario de 9 a 14 horas. Rematando o prazo o día 8 de maio de 2015 ás 14:00 horas.

Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar ó 981513061.

BASE QUINTA.- Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución na que se declare aprobada a lista de admitidos e excluídos.

BASE SEXTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora:

Presidente: José María Souto Temes - Funcionario- capataz de obras do Concello de Boqueixón. Suplente: Anselmo caeiro Vilar. Administrativo do Concello de Boqueixón. Secretaria: Elena Suárez Rodríguez, Secretaria-Interventora do Concello de Boqueixón. Suplente: Juan Manuel Corral Sánchez, Administrativo- tesoureiro do Concello de Boqueixón.

Vogais:

1 Casiano Veleiro Diéguez – Capataz de Servizos do Concello de Boqueixón. Suplente: Rosario Canabal Vázquez. Administrativa do Concello de Boqueixón.

2 Elías Rodeiro Tato, Operario de Servizos do Concello de Boqueixón. Suplente: María Victoria Negrín Blanco, Técnica de Formación Ocupacional do Concello de Boqueixón.

3 Gonzalo Torres Gil. Operario de Servizos do Concello de Boqueixón. Suplente: Rosario Iglesias Iglesias, Técnica de Cultura do Concello de Boqueixón.

As actuacións da comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

BASE SÉTIMA.- REALIZACIÓN DE PROBA E ENTREVISTA

Primeira fase:

1. A proba escrita consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 50 preguntas relacionadas co posto ofertado e cos temas relacinados no anexo I. Este exercicio **terá carácter obrigatorio é eliminatorio.**

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O test constará de 50 preguntas. Soamente haberá unha resposta correcta por pregunta. Cada pregunta terá unha puntuación de 0,12 puntos (os erros non puntúan negativo). Tendo unha puntuación máxima de 6 puntos, sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para pasar á fase de entrevista.

A duración da proba escrita será de 60 minutos.

O temario será entregado ós aspirantes que o soliciten.

2. A entrevista persoal: Realizarase unha entrevista persoal entre os/as candidatos/as que superasen a proba escrita. Esta fase terá unha valoración máxima de 3 puntos.

BASE OITAVA. PRAZOS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

- A data, lugar e horario para a realización da proba escrita: o 12 de maio de 2015 realización da proba escrita, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Boqueixón ás 09:30 horas.

- A data, lugar e horario para a realización da entrevista persoal: o 12 de maio de 2015 realización da proba escrita, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Boqueixón ás 11:00 horas.

BASE NOVENA.

Rematada a selección a Comisión seleccionadora publicará no taboleiro os nomes dos/as participantes titular dos postos seleccionados/as coa súa puntuación, e o nome dos/as candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as CIRCUNSTANCIAS QUE DERON LUGAR A ESTA CONVOCATORIA.

BASE DÉCIMA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Os/As candidatos/as seleccionados/as presentarán copia do DNI, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta de Demandante de Emprego.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

BASE UNDÉCIMA. A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección e en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

BASE DUODÉCIMA. A presente Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Boqueixón e na páx. web: www.boqueirxon.com.

Anexo I. TEMARIO

- Tema 1. Materiais empregados.
- Tema 2. Utensilios, ferramentas e maquinarias máis empregadas en construción.
- Tema 3. Coñecementos técnicos.
- Tema 4. Tarefas, funcións e pequenos traballos do peón de albanelería.
- Tema 5. Glosario.

INSTANCIA

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/DNI
TELÉFONO(E-MAIL):	ENDEREZO: RUA OU PRAZA E NÚMERO:	CÓDIGO POSTAL:	
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	

CONVOCATORIA

POSTO DE TRABALLO	SISTEMAS ACCESO: CONVOCATORIA PÚBLICA
MINUSVALÍA	TITULACIÓN
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA: COPIA DNI TARXETA DE DESEMPREGO DA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO	

En Boqueixón, ode.....2015	Selo da Entidade
Sinatura	